



Concello de Lugo

BANDO DA ALCALDÍA

O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO FAI SABER:

É propósito do Goberno municipal a regulación da ocupación dos espazos públicos dedicados á venda ambulante no concello de Lugo con independencia da súa localización e periodicidade, entendendo como tal venda a que é realizada por persoas non comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente de xeito habitual, ocasional, periódica ou continuamente nos lugares autorizados, tales como mercados ou en instalacións desmontables, incluídos os camións tenda.

Con esta finalidade, queremos lembrarlle a toda a cidadanía, por medio deste bando, a normativa que resulta aplicable, xa que o exercicio da venda ambulante está suxeita en todos os casos á obtención da correspondente autorización ou permiso municipal, que será individual e intransferible.

Nos últimos meses, observamos como na vía pública prolifera a venda de vehículos por particulares que se anuncian mediante a colocación de carteis no seu interior, anuncios que están suxeitos á previa autorización municipal, e que, no caso de que carezan dela, poderá sancionarse a persoa titular con multa de 650 a 900 euros, logo da tramitación do correspondente expediente sancionador.

Normativa aplicable:

- Ordenanza reguladora de espazos públicos dedicados á venda ambulante (BOP do 3 de marzo de 2012).
- Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia e normas sectoriais reguladoras da venda e comercialización de cada produto en concreto.

Por outra parte, cómpre lembrar que o desacato a axentes da autoridade e inspectores das municipais, a venda de artigos en condicións deficientes, a venda ambulante sen autorización, a comisión de infraccións en materia sanitaria ou de consumo, así como a venda de vehículos na vía pública sen autorización municipal serán constitutivas de infraccións moi graves, e sancionaranse con multa económica de 650 a 900 euros e/ou revogación da autorización sen indemnización. No caso de que a autorización fose revogada a consecuencia da comisión de infraccións moi graves, a persoa titular non poderá obter ningunha durante o prazo de dous anos para o exercicio da actividade.

Lugo, 28 de maio de 2012

O ALCALDE

Asdo.: José Clemente López Orozco.



MURALLA
patrimonio da humanidade